

A poboación activa dun país adoita situarse entre os 2/5 e os 3/5 da poboación total, pero esta cifra varía segundo a porcentaxe de poboación adulta, a cantidade e a diversidade de ocupacións e o número de mulleres activas. En España, a poboación activa aumentou segundo ía medrando a poboación, e debido á incorporación da muller ao mundo laboral.

5.1. A dinámica dos sectores produtivos

Segundo unha sociedade se vai desenvolvendo, ten lugar un transvasamento de poboación activa da agricultura á industria e, posteriormente, da industria ao sector terciario ou dos servizos.

O crecemento do **sector terciario** nos países ricos débese a que, cando aumenta a renda, se tende a multiplicar e diversificar o consumo de bens e a demanda de servizos. Un bo exemplo diso é que nos países desenvolvidos, a economía multiplicou a demanda de servizos ás empresas.

5.2. Situación da poboación activa

A **poboación activa** é o conxunto de persoas de 16 e máis anos que están ocupadas, isto é, que traballan en calquera dos sectores de actividade económica. Tamén se inclúen as persoas que no momento presente están a buscar traballo por primeira vez ou as que están en **paro**.

No caso de analizarse a Enquisa de Poboación Activa realizada o primeiro trimestre de 2008, salienta o **aumento sostido de poboación activa**, debido a que acadaron a idade laboral os mozos e mozas nados nos anos de crecemento demográfico, á chegada de moitos inmigrantes e, especialmente, á incorporación dunha gran porcentaxe de mulleres ao mundo laboral. Nos primeiros meses de 2008, 172 000 persoas apuntáronse no rexistro de busca de traballo: destas, 106 000 eran mulleres.

A diferenza entre a poboación activa e a **poboación ocupada** é a **poboación en paro**, que, a partir da crise económica actual, foi en aumento, e se está a converter nun dos problemas máis graves do noso país na actualidade.

Entre a poboación ocupada, unha maioría (70%) ten **contratos indefinidos**, o que implica que en caso de perder o seu posto de traballo, eses traballadores han de ser indemnizados en razón do seu soldo e antigüidade. O 30% ten **contratos temporais**, que se extinguen cando vence o prazo fixado.


En tempos de crise, o sector empresarial fai presión para liberalizar a contratación e poder empregar e despedir os traballadores segundo as necesidades da empresa, mentres que os sectores sindical e social propoñen recorrer a outro tipo de medidas para defender os dereitos dos traballadores. O Estado, para frear o paro, incentiva a contratación laboral e os contratos indefinidos, como reflicten os datos da poboación asalariada en 2008.

VOCABULARIO

POBOACIÓN OCUPADA Poboación que desempeña un posto de traballo cun contrato laboral.


POBOACIÓN EN PARO Poboación que perdeu un posto de traballo ou que quere traballar pero non dá atopado ocupación.

POBOACIÓN ACTIVA POR SECTORES



- Explica cal foi o comportamento da poboación activa nos tres sectores produtivos.

POBOACIÓN ASALARIADA EN 2008*



- Que tipo de contratos están en aumento?
- Quen incentiva eses contratos? Por que?

5.3. O problema do paro

O problema do **paro** depende basicamente do crecemento económico. Cando hai **crise**, as empresas limitan os custos de man de obra e mesmo algunhas non lles poden facer fronte ás débedas e teñen que clausurar a produción. Pola contra, cando a conxuntura económica é expansiva ou está en crecemento, xeralmente a taxa de paro baixa. O paro no sector industrial tamén depende do grao de automatización e da implantación de novas tecnoloxías que cada vez precisan máis persoas cualificadas e menos obreiros.

En España, desde mediados do século XX, vivíronse tres crises económicas importantes. A crise de comezos da década de 1970 debeuse basicamente ao aumento dos prezos do petróleo; a crise de comezos da década de 1990 foi orixinada pola progresiva automatización e informatización dos procesos produtivos, e a crise que se iniciou en 2007 é, sobre todo, financeira. En todas elas, os empresarios buscaron o xeito de reducir custos e, con esa finalidade, diminuíron o número de obreiros. A consecuencia deste proceso é o **aumento do paro**.

A cifra de parados, en abril de 2009, superaba os tres millóns e medio de persoas, o que supón a cifra de paro máis alta de Europa. A maior taxa de paro rexistrouna, primeiro, a construción, pero, na actualidade, a crise económica afectou os servizos relacionados co sector inmobiliario e co turístico, e a industria automobilística e as súas actividades auxiliares.

As persoas máis prexudicadas polo paro son os mozos e mozas que buscan o seu primeiro traballo, as persoas de máis de corenta anos e as minorías étnicas. As mulleres semellan verse menos afectadas. O paro implica, en moitos casos, o traballo por obra ou a tempo parcial e o desenvolvemento da **economía somerxida**.

As Comunidades onde máis se deteriorou o mercado laboral foron as que tiñan unha maior dependencia do **sector da construción** e do sector servizos, principalmente o **turismo**. Pola contra, as Comunidades de Asturias, Cantabria, País Vasco e A Rioxa e, en menor proporción Navarra e Madrid, crearon emprego no ano 2008.

Dado que a crise económica actual é unha **crise global**, aféctalles a moitos países da Unión Europea, e converteuse nun grave problema mundial.

As persoas en paro pola perda do seu emprego reciben un **subsídio de paro** da Seguridade Social durante un tempo máximo de dous anos. Malia iso, o paro forzoso representa un grave problema persoal e social, e o Estado proponlles aos parados ampliar a súa **formación** e, deste xeito, prepararse para traballos nos sectores onde hai demanda.

VOCABULARIO

ECONOMÍA SOMERXIDA Conxunto de actividades económicas que se desenvolven clandestinamente e escapan ao control fiscal e ás leis e normativas laborais.


SUBSIDIO DE PARO Prestación económica que lles paga a Seguridade Social aos traballadores en paro.

O DESEMPREGO EN ESPAÑA



- Cal foi a tendencia do desemprego en 2008?
- Por que o paro representa un problema persoal e social importante?

O DESEMPREGO NA UNIÓN EUROPEA EN 2008



- Cal é a situación relativa de España na UE respecto do paro?
- Que países europeos rexistran un desemprego superior ao 8%?

5.4. A incorporación da muller ao mundo laboral

As mulleres sempre traballaron, pero a súa actividade, restrinxida ao ámbito do fogar, catalogábasas como dedicadas aos *seus labores*. O seu traballo consistía en criar os fillos, coidar das persoas maiores e do fogar e participar no traballo do campo.

Mais, desde mediados do século XIX, a situación da muller en Occidente empezou a cambiar, o que acabou por lle afectar profundamente á sociedade. O traslado de moita poboación do medio rural ao urbano implicou o paso da familia extensa, na que convivían varias xeracións, á **vida en parella**. Doutra banda, as condicións de vida na cidade impuxeron unha limitación do espazo nos fogares, propiciaron unha diversificación dos hábitos de consumo e unha maior demanda de servizos.

O desenvolvemento da sociedade do benestar, desde mediados do século XX, aseguroulles as pensións ás persoas maiores e a atención sanitaria, polo que os fillos deixaron de ser un apoio necesario para a vellez. Por outra parte, a mortalidade infantil situouse en taxas moi baixas. Estas circunstancias, entre outras, contribuíron á **planificación familiar** e á limitación do número de fillos.

As mulleres, ao longo deste complexo proceso de cambio, reivindicaron o seu **dereito a formarse** e a **ocupar un posto de traballo**. O acceso ao traballo remunerado liberou a muller da súa dependencia económica e converteuse nun factor básico para lograr a igualdade entre homes e mulleres.

Na actualidade, o traballo doméstico, que serve para manter as persoas que compoñen o núcleo familiar e para criar os fillos, deixou de ter unha exclusividade feminina para ser, progresivamente, unha **responsabilidade compartida**.

Hoxe en día, en España, as mulleres accederon a todo tipo de estudos e de traballos, e avanzouse moito no camiño da igualdade, malia que aínda se dan casos de discriminación encuberta, de diferenzas de salarios polo mesmo tipo de traballo e de violencia de xénero por parte dalgúns homes que non son quen de aceptar a liberdade de decisión da muller.

Pódese esperar que á defensa dos dereitos da metade da humanidade poida seguir o respecto por toda persoa independentemente do seu xénero, sen proteccións especiais nin cotas de preferencia, isto demostraría a normalización dunha situación de verdadeira equidade.

- Cales son os tres sectores produtivos que ocupan máis man de obra feminina?
- Cales son os tres sectores con menor presenza feminina?

MULLER E TRABALLO

O estudo *A muller no mercado de traballo en España 2008* revela que as colocacións aumentaron lixeiramente para as mulleres maiores de 35 anos, e de forma especial, entre as de 45 e 54 anos (crecementos entre o 4,55 % e o 4,95 %) entre o cuarto trimestre de 2007 e o cuarto de 2008.



O gráfico, correspondente ao mes de xaneiro de 2009, amosa como, globalmente, o paro é algo máis baixo entre a poboación feminina.

OCUPACIÓN DA POBOACIÓN FEMININA POR SECTORES EN 2008

Subsectores económicos	Milleiros de mulleres
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	212,0
Pesca	6,8
Industrias extractivas	3,6
Industrias manufactureiras	733,2
Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	22,4
Construción	139,4
Comercio	1 583,1
Hostalaría	787,6
Transporte, almacenaxe e comunicacións	288,4
Intermediación financeira	215,2
Actividades inmobiliarias e de aluguer; servizos empresariais	1 046,6
Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	536,7
Educación	751,2
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	1 031,5
Outras actividades sociais e servizos prestados á comunidade; servizos persoais	460,3
Fogares que empregan persoal doméstico	697,3

L.6. A estrutura económica da poboación

Aumentou a poboación activa na primeira década do século XXI debido ao crecemento económico do ciclo de prosperidade dende 1994 ata 2007, á progresiva incorporación da muller ao mundo laboral e ao peso da inmigración estranxeira. Destacan estes cambios:

- A **taxa de actividade** medrou máis dun 8 % entre 1995 e 2009 e na actualidade sitúase ao redor dun 55 %, con claras diferenzas entre a poboación masculina e a feminina (62 % e 48 %, respectivamente). No entanto, o crecemento da poboación activa, que acadou 1 313 300 persoas en 2009, non foi acompañado dun incremento da poboación ocupada, xa que esta se mantén en 1 151 100 persoas.

- A **taxa de paro** reduciuse entre 1995 e 2007 como consecuencia da favorable conxuntura económica (do 18,05 % ao 7,64 %) pero logo da actual crise económica o desemprego foi en aumento. No terceiro trimestre de 2009 o número de parados de Galicia ascende a 162 200 persoas, o 12,35 % da poboación activa, cifra que supera a media nacional (17,93 %).

- As **taxas de ocupación** por sectores económicos de 2007 eran un claro reflexo da dinámica de crecemento económico, co predominio do emprego no sector terciario (60,8 % da poboación ocupada) e a importancia da industria (18,2 %) e da construción (12,3 %) fronte á agricultura (8,6 %). A desaceleración económica de 2008 provocou un descenso do emprego que afectou especialmente a industria e a construción, pola crise do sector inmobiliario e o estancamento do consumo.

DESEMPREGO EN GALICIA (1990-2009)

Ano	Parados (milleiros)	Taxa de paro (%)
1990	146,9	12,28
2000	176,7	14,87
2009	165,1	12,5

Fonte: INEbase.

ACTIVIDADES

1. Resume brevemente a situación actual da poboación de Galicia.
2. Explica as diferentes fases da emigración galega.
3. Cales son as características do movemento migratorio galego das tres últimas décadas?
4. Sinala os principais problemas demográficos que presentan as zonas rurais. Como intentan corrixilas os diversos gobernos?
5. Indica as causas que provocan o avellentamento da poboación.